

ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN DO TEXTO ARGUMENTATIVO

Actividade 1. Identifica nos seguintes fragmentos a **tese** e **argumentos** que se defenden.

A

Tradución en galego: calidade en precario

«A tradución en galego viviu unha auténtica revolución dende inicios de século, grazas á profesionalización achegada polas xeracións da Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo e a un apoio institucional hoxe desaparecido. De ser un acto militante, pasou a ser unha actividade profesionalizada, mais en precario. A maior parte dos e das profesionais non poden traballar só coa nosa lingua», explican Ruth Layús, José-Luis Morais e Iria Taibo, da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI).

Unha actividade en precario mais de calidade destacábel, como exemplifica a concesión do premio estatal de tradución, en 2014, ao *Ulises* de Joyce vertido ao galego. «É un fito da historia cultural galega», resalta na entrevista desta semana en *A fondo* Eva Almazán, destacada tradutora galega no eido literario que formou parte do equipo que traspuxo a obra á nosa lingua.

B. P. Sermos Galiza, febreiro 2015
<<http://www.sermosgaliza.gal>>
(adaptación)

B

A cara «B» das piscifactorías: sumidoiro de subvencións e destrución de emprego

Os postos de traballo son un dos principais argumentos das empresas de acuicultura industrial para defender os seus intereses. Nos seus proxectos e a través da propaganda mediática, preséntanse como a panacea para as vilas costeiras, ofertando impudicamente centos de empregos. A realidade é outra: a acuicultura industrial emprega hoxe unhas 400 persoas, segundo información do propio clúster acuícola, entre persoal de dirección, vendas, produción etc. Datos do IGE (Instituto Galego de Estatística) falan do estado destas empresas en Galiza: «Cadros de persoal inferiores a 50 traballadores, das que máis dun terzo teñen menos de 10 empregados».

Como pode ser posíbel entón que, por exemplo, Pescanova en Touriñán oferte 300 postos de traballo e daquela Stolt en cabo Vilán propoña 200, cando nesta última factoría traballan a día de hoxe unha media de 15 persoas?

Federación Ecoloxista Galega
<<http://www.federacionecoloxista.org>>

C

Alertan do incremento de actitudes machistas en adolescentes galegos

«O risco das actitudes machistas nas relacións de parella resulta menor entre aqueles mozos cos que se tratou o tema na escola. O que ocorre é que, só nun 40 % de casos, iso se traballou na aula», explica a catedrática de Psicoloxía da Universidade Complutense de Madrid, María José Díaz-Aguado.

Esa é unha das conclusións dos dous estudos realizados por esta académica e divulgados pola Secretaría de Estado de Igualdade no 2010 e o 2013. «O traballo na aula só nun 40 % de casos pode lerse de dúas formas. Por unha parte, resulta un progreso porque hai quince anos non se abordaba o problema na aula, pero tamén é verdade que a porcentaxe non variou durante os tres anos de diferenza que hai entre traballo e traballo», explica. A comparativa entre ambos conclúe un avance en canto a que é maior o rexeitamento de actitudes machistas por parte da mocidade. O que ocorre é que ese rexeitamento manifesto, na práctica, non se traduce nas súas relacións.

María CEDRÓN. *La Voz de Galicia* (24 xaneiro

TEXTO A)

TESE: _____

Argumentos de **autoridade:** _____

Argumento de **exemplificação:** _____

TEXTO B)

TESE: _____

Argumentos de **datos:** _____

TEXTO C)

TESE: _____

Argumentos de **datos:** _____

Argumentos de **autoridade:** _____

Actividade 2. Explica a estrutura desta Carta ao director completando o texto.

O desleixo da lingua galega na campaña electoral.

Luns, 18 maio 2015 18:50 José Luís Alonso

Queda unha semana de campaña electoral. Coma sempre, a megafonía machúcanos os oídos para cuspir as mensaxes de sempre, coa música de sempre. Sei que é un tributo máis que temos que pagar por ter unha democracia e que todo vai rematar nunha semana. Non obstante, o feito serve, nalgún caso, para comprobar o desleixo e mesmo o desprezo que os partidos, que din maioritarios, senten polo galego.

Onte, sábado, aquí en Morgadáns tivo mitin o partido que nos goberna no concello. Na súa megafonía anunciaron o acto en castelán, mesmo empregando o topónimo «Morgadanes», non admitido polo Nomenclátor de Galicia, órgano oficial da Xunta de Galicia. Non pasa nada, sospeito que forma parte da súa maneira de tratar as "outras linguas".

Hoxe, domingo 17, Día das Letras Galegas, o outro partido estatal, esta vez falando en galego, infórmanos que no acto «intervendrán» (non intervirán) unha serie de candidatos. Unha maneira máis de demostrar, nun día coma hoxe, o desinterese pola lingua que nos dá ser e entidade como país.

Parece que aos veciños, aos cidadáns tanto nos ten.

José Luís Alonso - Veciño de Morgadáns (Adaptación)

<https://valminor.info/opinion/cartas-ao-director/7288-o-desleixo-da-lingua-galega-na-campana-electoral>

Título: _____

Na **introdución** (____ parágrafo) _____

No **corpo argumentativo** (_____ parágrafos) úsanse **argumentos de** _____ **e de** _____, **claros e non** _____, **para corroborar a tese**. Por unha banda, **o partido** _____ **(exemplo)** demostra _____ polo galego, pois non o usa e incluso chega a empregar un _____, **«Morgadanes», non aceptado polo** _____ **(datos)**. Por outra, o **outro partido**, maioritario a nivel nacional, **non se preocupa por mostrar** _____ **nas súas comunicacións públicas** (_____), xusto en datas tan sinaladas como a da celebración do Día das Letras Galegas.

Na **conclusión** recórdase a _____ defendida: o _____,

coa **agravante** de que _____
_____, e de que, en definitiva, a _____ **é o que nos dá sentido e existencia como país**.

Actividade 3. Completa a información sobre o **texto argumentativo** con estas palabras: tese, autoridade, confírmase, persuasiva, lóxicas, exemplificación, conclusión, achega, opinións, crítica, introdución, razóns, principal, convencer, comunicativas, contraditorias, datos, comparación, ordenado, defende.

«Un texto argumentativo é o que _____ unha idea razoadamente. O seu obxectivo é _____ o interlocutor, polo que ten unha función _____ (tamén informativa, porque _____ coñecementos sobre o tema tratado). Está presente en situacións _____ variadas: por exemplo, nunha conversa sobre un tema con intercambio de _____; ou nos medios de comunicación, en xéneros xornalísticos como o artigo de opinión ou a _____ ... O texto argumentativo debe ser claro e _____ e adoita presentar esta estrutura:

- **Introdución:** primeiro vai a tese (idea _____ que se defende), que pode ir precedida dunha _____ sobre o tema do texto.
- **Corpo argumentativo:** despois preséntanse as _____ que demostran a _____, polo que deben ser _____, claras e non _____. Pódense empregar argumentos de distintos tipos: argumentos de _____ (achegan datos que buscan probar a tese defendida), argumento de _____ (presenta a opinión de alguén de recoñecido prestixio ou dun experto en determinada materia), argumento de _____ (a idea defendida ilústrase cun caso concreto), argumento de _____ (cando se comparan dúas situacións para extraer unha _____).
- **Conclusión:** ao final faise un resumo dos argumentos principais e _____ a idea defendida como tese.»

Actividade 4. Ofrece un argumento por cada situación presentada.

a) *Unha empregada do fogar acode a unha entrevista de traballo para conseguir emprego. Por que é ela a mellor opción para ese posto? Escribe o seu razoamento.*

b) *Un usuario do SERGAS acode a unha cita médica co especialista e este non se presenta por estar nun congreso. Escribe o argumento que esgrime, ante o funcionario que llo comunica, para non marchar sen ser atendido por outro médico.*
